

# BREVE HISTORIA DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS E DA SÚA PRIMEIRA PROMOCIÓN CO GALLO DO CUMPRIMENTO DO 25 ANIVERSARIO DO SEU NACEMENTO

MIGUEL CANCIO

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración  
Universidade de Santiago de Compostela

## Limiar

*Este texto foi lido no acto académico de peche do "Programa de Actos", que tiveron lugar do 9 ó 13 de marzo de 1992, para conmemora-lo XXV aniversario da creación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela. O acto de clausura, celebrado na Aula A da devandita Facultade, consistiu nunha reunión —o venres, 13 de marzo de 1992— dos alumnos e profesores da primeira promoción, a do curso 67-68. Na mesa de presidencia deste acto figuraron e interviron: o primeiro decano da Facultade e actual presidente do Tribunal de Contas da Xunta de Galicia, D. Carlos Otero; o rector da Universidade de Santiago, D. Ramón Villares; o actual decano de Económicas e Empresariais de Santiago, D. José Carlos de Miguel; o coordinador e organizador deste acto, o profesor de Economía da Empresa e membro da primeira promoción, D. Justino Bastida, e Miguel Cancio .*

## Intervención de Miguel Cancio

*En primeiro lugar, antes de dar lectura á miña intervención permitídemme que vos diga que, ó meu modo de ver, este é un acto académico especial, un acto de confraternización, de encontro, no que, pola súa natureza, debe de estarnos permitido rir do mundo empezando por rirnos de nós mesmos. Lémbrovos, e isto será*

*algo sobre o que voltarei, que ó final sacaremos unhas fotografías: unha "endóxena", é dicir, dentro desta aula, e outra "esóxena", é dicir, fóra, ó aire libre, diante da Pasionaria, do Galo. Disto informaravos mellor o noso coordinador, Bastida, que fixo, durante varios meses, un gran traballo e coa mellor das intencións para que este acto tivese lugar coa vosa participación, coa de tódolos compañeiros, persoal, profesores da primeira promoción e decanos que houbo ata hoxe. Pido desculpas por se alguén quedou sen avisar, pero debedes de saber que o coordinador e a Facultade trataron de que tódolos implicados puidesen saber da celebración deste acto e participaren no mesmo. E dito isto paso a le-lo texto que preparei.*

## 1. INTRODUCCIÓN

Querido Carlos Otero, querido Ramón Villares, querido José Carlos de Miguel, querido coordinador, queridos compañeiros, queridos amigos,

Aínda que a morriña, como outras moitas cousas, xa non é o que era, encargouseme que fixera unha breve lembranza destes 25 anos que "mandan moito troete e se cadra chober na Habana". Unha lembranza tomando como base a primeira promoción da nosa Facultade. Para iso, que mellor que seguir a Dieng Xiao Ping e Li Peng, que din que a nova fase do leninismo de mercado —e xa entramos en fariña económico-empresarial con reminiscencias da nosa intra-

historia— debe de caracterizarse por "busca-la realidade nos feitos" aínda que si nos importe a cor do gato; e nisto apartámonos da hipótese, do paradigma Dienxiaopiniano, do paradigma dos novos chineses e pro-chineses post-modernos. O concepto de paradigma lembredes que nolo espetaron na teoría económica (en concreto, o profesor Quintás, nun excelente seminario onde debatemos sobre as teorías de Kuhn, Lakatos, Feyerabend, Putnam, etc., e tamén de Popper, que está tan de moda coa súa Sociedade Aberta...), e que agora segue levándose. Buscaremos, xa que logo, a realidade nos feitos recorrendo a aquilo do que nos falaban en Estructura: a historicidade, é dicir, como os factores do pasado se inscriben no presente e establecen unhas expectativas futuras.

E, queridíños, se cadra, se cadra ó falarmos do tempo —outra variable esencial— lembredes aquilo que nos dicían en moitas clases e que quedaba tan aparente, tan rechamante, aquilo de diacrónico e sincrónico; ben, pois ó falarmos do tempo, despois de 25 anos de moito nabiño —como salta á vista— e estar todos aquí reunidos, por sorte sen nais superiores ou alomenos non se ven, (dígovos isto por aquilo das formas complexas e ocultas de dominación), ó falarmos do tempo, de aniversarios, véñenme á cacholiña as palabras do milongueiro Borges: "*El tiempo es un tigre que nos devora pero nosotros, ¡Ay!, nosotros somos ese tigre*". E, como non, ó falar de tigres e tigresas véñenme á mente as palabras da que alguén calificou como gran benefactora da facenda española: Dona Lola Flores, Lola de España "La Faraona", que nos solta ás primeiras de cambio: "*Yo no quiero que me coja el tigre, que me coja el tigre...*"; e... o tigre, como sabedes, o tigre colleuna, carallo se a colleu. Non en balde Os Sirex, que eran da nosa época e ¡¡cataláns, ¡eh!, cataláns!!, cantaban aquilo de "*Que se mueran los feos*", e os "feos" onte, coa vixencia do paradigma revolucionario, das paixóns colectivas, igual ca hoxe, coa vixencia do paradigma das paixóns individualistas neo-liberais; os "uglies", os "dirties", téñeno moitísimo peor, ¡uf, moitísimo!, que os "very good looking!", vamos que os da "beautiful". Lembredes tamén que os Sirex cantaban aquilo de "*Si yo tuviera una escoba*"...

Esta introducción permítame cuestionarme e cuestionarvos ¿por que estamos aquí?, ¿como podería resumirse a realidade dos feitos, o tempo histórico e persoal transcorrido? Resumiríao nos seguintes apartados, tendo en conta, claro está, o xogo de representacións, paradigmas e os tigres.

## 2. DA REVOLUCIÓN DA ORLA Á REVOLUCIÓN DA BOLSA

O primeiro apartado titularíao: "DA REVOLUCIÓN DA ORLA Á REVOLUCIÓN DA BOLSA"; podería titularse tamén da "PAIXÓN OU PULSIÓN REVOLUCIONARIA Á PAIXÓN OU PULSIÓN DIÑERARIA". Ou, se queredes, para ser máis técnicos, segundo a terminoloxía económica: "DA CRÍTICA DA ECONOMÍA POLÍTICA Á ECONOMÍA CASINO" (xa sabedes que agora se fala do "*final da historia*" do Fukuyama e dun "*capitalismo bo*" —o renano-nipón—, fronte a un "*capitalismo malo*" —o anglo-saxón, o da Economía Casino, Estupefaciente...—. O empresario, Director do Plan Francés e politólogo Michel Albert escribiu a obra *Capitalismo contra capitalismo*, onde desenvolve estas ideas).

Iniciámo-los estudos no curso 67-68. Foi unha época histórica en Galicia, España e no mundo. Foi a época do maio do 68 cando se pintaron e berraron cousas tan tremendas como: "*Tomemos en serio a revolución pero non nos tomemos en serio a nós mesmos*"; "*Cambia-la vida, transforma-lo mundo*"; "*Exame igual a servilismo, promoción social igual a sociedade xerárquica*"; "*Cada un de nós é o Estado*"; "*Aprende a canta-la Internacional*"; "*Non pode durmir tranquilo aquel que unha vez abriu os ollos*"; "*Non me libere, eu bástome para iso*"; "*As mozas roxas cada vez máis fermosas*" (quen as pillara...); "*Burgueses que retiran a escada para non deixar subir ó pobo*" (acordádevos daquelas discusións eternas sobre a existencia de burguesía en Galicia, e daquilo da burguesía nacional, etc.; qué cousas...); "*Desabrochen o cerebro tan a miúdo como a braguetta*" (en Francia, claro); "*Digan non á revolución con gravata*"; "*Cando o último sociólogo, o último economista, o último historiador* (e isto non é

ningunha indirecta, ¿eh?, he, he, he), o último tecnócrata, sexa colgado coas tripas do último burócrata aínda teremos problemas"; "Canto máis fago o amor máis ganas teño de face-la revolución, canto máis fago a revolución máis ganas teño de face-lo amor" (os agraciados, ¿eh?, os agraciados...); "A poesía está na rúa"; "Sede porcos pero nunca azucrados" (recoméndovos a película "Delicatessen" que vai de cochos, agora que tanto se fala de San Martiño); "Non queremos un mundo no que a garantía de non morrer de fame se compense coa garantía de morrer de aburrimiento"; "E sem embargo todo o mundo quere respirar e ninguén pode respirar; e moitos din respiremos máis tarde; e a meirande parte non morren porque xa están mortos", etc., etc.

Claro que en España e Galicia estabamos noutra historia ben distinta, a da dictadura, a falta de democracia, a falta de liberdade en tódolas ordes que naquel momento se viviu, se sufriu en Santiago con Ocón e compañía, e deu lugar a peches, concentracións, manifestacións, folgas, mobilizacións, expedientes, etc., etc. En calquera caso foi a época do furor das paixóns colectivas, revolucionarias que tiñan nas Facultades de Políticas, Económicas e Comerciais; despois de Económicas e Empresariais, un dos focos máis quentes, unha das puntas de lanza. Se cadra, por iso situáronas en guetos para evita-la contaminación, para controlalos e apalparlle-las costelas ás minorías subversivas e alborotadoras, ós axitadores comunistas teledirixidos desde as estepas siberianas (naquela época os socialistas obreiros non aparecían por ningures e esta é unha constatación empírica).

Económicas de Santiago estivo a altura do momento e das circunstancias. Foi un dos bastións da loita política e universitaria. Aínda que, todo hai que dicilo, agora que saen líderes e revolucionarios de debaixo das pedras, xentes de esquerdas de toda a vida, como por exemplo D. Emilio Romero, non foron tantos, o que sucede é que bastaba con que alguén se movese para que se armase unha boa liorta, as do demo.

O caso é que en Económicas de Santiago unha das consecuencias deste apaixonamento colectivo foi a "Revolución da Orla", o rexeitamento da orla, os pasos de ecuador e viaxes do fin de curso, xa que se nos dicía que formaban

parte dunha cultura universitaria frívola, reaccionaria, tuneira e pequeno burguesa. Iso que algúns moderados viamos nesta vía orlífica, festiva e guatequeira unha posibilidade para dar saída ás baixas paixóns, ás tendencias inferiores ou facultades inferiores do que, por certo, nos falaban e coas que nos machacaban, ¡Ave María Purísima!, co tochazo entre os tochos do Millán Puelles da asignatura Fundamentos da Filosofía que nos daban, ¡e examinábannos oralmente!, Puy Muñoz, Carolina e o ruso Vladimiro Landorf —ó que o outro día puidemos ver como unha aparición no programa da tele "El Espejo", onde seguía igual, propoñendo as vías da salvación católica, apostólica e tomasiana para Rusia—.

Efectivamente en Filosofía tivemos que mamar, non as vías revolucionarias, senón as cinco vías de Santo Tomás e aquilo de —¡garrádevos!—: "*a estructura fundamental do ente móbil: a teoría hilemorfista do cambio, pero do cambio substancial*", non pensedes mal; tivemos que mamar-lo de "*o fin último obxectivo e o fin último subxectivo, o valor moral das paixóns, as virtudes morais, o tema da ética...*". Nada menos, carallini, carallini.

Para volver ó que estabamos das altas e baixas paixóns, vaia lío co de "as condicións obxectivas e subxectivas", e vaia lío, moitísimo máis, vaia trapallada, coas paixóns revolucionarias e, sobre todo, coas outras. Pois, naquela época, nin mozas roxas, nin rosas, brancas, amarelas, azuis, nin negras, nin marelas, nin loiras...; iso sería en París, no estranxeiro, no extranxeiro, ¿eh?, ou se cadra as famosas americanas que viñan a aprender español, porque o que era aquí, aquí naquela época queridiños e queridiñas— coller unha manciña, facer manciñas era case como un niágara de orgasmos, que vos vou dicir do resto... (como sabedes, o lume que máis quenta sempre ven de abaixo).

E claro, as vías naqueles intres, a pesar de Santo Tomás, San Andrés de Teixido, a Virxe da Regra, San Benitiño de Lérez, San Martiño de Laraño, San Pancrácio (¡Salus, nudismo, boa festa e bo traballo!) ou o mesmo San Apapucio Bendito, tódalas vías eran válidas para acadalo tan ansiado e devecido e soado obxectivo: a vía revolucionaria do cine-clube, o peche, recital,



assemblea, coloquios, célula, campos de traballo, "quedamos para un debate dialéctico da existencia ou non das condicións obxectivas.."; a vía do guateque, do parchís, as partidas, o Búho e o Corzo que eran "boîtes", o único que había naquela data (máis tarde inauguraríase por Víctor Manuel o Don Juan e viría a época gloriosa do Johakin e outros lugares, antros, garitos de vicio e perdición político-sexual e de xogos —pois había timbas de moita timba de Deus—), a vía do "préstoche os apuntamentos e pasate pola miña habitación para collelos e comenta-lo que non entendas..", seminarios, conferencias, encontros relixiosos, exercicios espirituais, o cafetiño, as festiñas e verbeniñas, o seiscentos, o dous cabalos e o seguinte, o Dianne, a moto, a bice e o popó de San Fernando, as lanchiñas ou dorniñas, os comedores, bares, bibliotecas (aínda que menos, había moi poucas daquela; agora tampouco está moi ben a cousa neste pano bibliotecario), os viños, a sesión vermout, e os cafés, coñacs, ponches, Tfo Pepes e ata cubalibres, leite de panteira e —os osadísimos, ricos e avanzados— os güisquis, o vodca, e outras sofisticacións vedadísimas; o cine, os bailes nos colexios maiores, os pasos de ecuador, os guateques, festorras, e outros bailes moito menos "distinguidos" (no Mercantil de Preguntoiro, etc.), pero de certo máis agradecidos, en valor engadido, enténdese, he, he, he; o deporte e as viaxes de 48 horas, ou pouco máis en que se fá e se voltaba a Sevilla, Granada, a onde fose mester con tal de tocar ou de bica-lo santo/a, con tal de mollar —con perdón— pois neste caso, como noutros, o fin xustificaba os medios. En calquera caso, por calquera das vías: máis nobres ou plebeas, máis ou menos revolucionarias, máis ou menos frívolas, rascábase moi pouca bola, por moito que un se movera non había forma de facerse as fotos, aínda que agora se maquillen tamén estas batalliñas.

O tempo, segundo parece e polo que se ve, todo o cura, todo o aplaca, e hoxe convocóuno-lo noso bo amigo Bastida para face-la orla, lembrarnos vellos tempos, contármonos batalliñas, tomarmos unhas copas e... punto e á parte.

A pulsión revolucionaria, emancipadora, nas Facultades de Económicas foi substituída

por outro tipo de paixóns. Os asañados debates, coloquios, seminarios, de onte sobre "as condicións obxectivas e estruturais do cambio revolucionario", foron substituídas por seminarios, masters, moitos masters e diplomas de asistencia a xornadas sobre "as condicións do cambio, do boom e crack, do eterno retorno... bolsístico". Hoxe, como dixo, Andy Warhol, o gurú da postmodernidade: "*ser revolucionario a finais do século XX é facerse rico e mostralo como compre, coas marcas debidas*".

Hoxe o mercado é a revolución e Mario Conde a súa vedette —ata o punto de conseguilo maior cheo da historia na nosa Facultade—, e un profesor —na conferencia que deu en Económicas de Santiago, con varias salas con vídeo—di que un sobriño de seu de 8 anos de maior quere ser Mario Conde.

En fin, para rematar con este apartado, ó meu modo de ver, en calquera caso a economía malia se-la ciencia das necesidades, das utilidades, é tamén a ciencia dos desexos pois o home ademais de ser un *homo economicus* é algo máis, é bastante máis. Por moita *libido dolaris* que nos queiran espetar co fin da historia, o home é un suxeito de desexos, un home simbólico, apaixonado.

Xa John Stuart Mill (Carlos Otero fálanos moito deste "utilitarista", máis dunha utilidade moi diferente á que se estila agora) dixo: "*Máis vale ser un home insatisfeito que un porco satisfeito*"; aínda que, como sentenciou moi ben Gómez de la Serna: "*o que máis nos chega a alma, queridíños, sexa iso do erario público*".

### 3. DA FACULTADE ITINERANTE Ó ANO SANTO DO PELEGRÍN

O segundo apartado podería titularse: "Da Facultade itinerante, transhumante, ó Ano Santo e Peregrino, pois despois do 92, se cadra chegaremos ó 93 con Pelegrín como peregrino maior".

A nosa Facultade foi a máis itinerante, a máis peregrina. Pasamos de Dereito da era de García Garrido —qué medo, chegou a meter expedientes ata por un par de botas de fútbol—, ó Burgo onde cando chovía non se escoitaba nada ou cando alguén facía moito barullo e

outras cousas na habitación do lado escoitábase todo. Continuámo-la peregrinación ata a histórica Fonseca onde renxían as madeiras e moitas cousas máis, para seguir a Farmacia-Bioloxía naquela especie de tristes e lúgubres almacéns a medio facer, na época do Rector Sanz Pedrero, rector da man flácida; e para voltar ó Burgo, ó actual edificio, a sede da Facultade (inaugurada no 1976) onde se nos colocou preto dos "grises" (que estaban nos pavillóns do Burgo) e separados do resto. O edificio quedou pequeno para os preto de 5.000 estudantes que hai actualmente e levamos tempo pedindo a súa ampliación que, se cadra, chegará co ano de Pelegrín, xa que co 92 non nos tocou. Foi a época tamén dos "profesores itinerantes ou de peregrinación por provincias de paso para a capital".

Agora lévanse a cabo, están de moda, outro tipo de transhumancias, itinerarios, camiños e peregrinacións por ruelas, rúas, corredoiras e, Deus mediante, por autovías, se o Apóstolo nos escoita cando postrados llo imploran co Arcebispo-Cardeal, e todo o cabido catedralicio, por testemuñas.

Ó Apóstolo pídenselle moitas cousas —¡uf, moitísimas!—, xa vedes o que son as cousas, despois de estar pechados no 70 na Catedral polo proceso de Burgos, cando non sei se era Suqúa o xefe do Cabido, non, coido que era Quiroga, intercedemos á súa serenísima benignidade para que nos conseguira un permiso para as festas do Apóstolo. Estabamos padecendo a mili en Monte da Raña, agora que tanto se reprime o da obxección de conciencia e outras herbas antimilitaristas. Por certo gracias ó ceo conseguímo-lo permiso.

#### 4. DA PATRICIO LUMUMBA COMPOSTELÁ Á HARVARD GALEGA

O terceiro apartado podería ser: "Da Patricio Lumumba, Nanterre, algúns din tamén Pilar, compostelá, ó Harvard, Yale, Oxford, Cambridge, galega". En efecto, Económicas de Santiago inclufu na súa nómina estudiantil e profesoral todo o colorido político, todo o arco parlamentario e extraparlamentario, todo o abano empresarial socio-económico imaxinable: presidentes da Xunta de Galicia, conselleiros,

consejeros, subsecretarios, directores xerais, subdirectores xerais, asesores... do centro e da periferia, de Galicia e doutras autonomías; presidentes de deputacións, parlamentarios, alcaldes, concelleiros, políticos profesionais e semi-profesionais; oficiais do exército e da policía; executivos de multinacionais e grandes empresas estranxeiras, españolas e galegas; empresarios, comerciantes e profesionais da economía "boa e mala", de "a economía casino, vertedoiro, estupefaciente, do 5%, do maletín, caixa de zapatos...", do show business; armadores, constructores, consultores, auditores; xornalistas, presentadores e directores de programas de radio e televisión; funcionarios, profesores e mestres varios e varias; sindicalistas, músicos, cantantes, gaiteiros, vinateiros, guerrilleiros, coristas, mullaks... Nesta primeira promoción, e nas 3 ou 4 seguintes, deuse todo tipo de fauna e flora dun extremo ó outro, do norte, sur, leste, oeste, occidente, oriente e de "medio lao apanbichao". Agora con isto da converxencia, a integración, o final da historia é o xogo do mercado político, económico, académico, socio-cultural e sexual, reducíuse moito a tonalidade cromática, volveuse máis polisémica, vamos, camaleónica e polifónica; non en balde agora lévase moito en economía —e noutros moitos campos— a "Logic Fuzzy", "Floue", a lóxica flácida, borrosa, vaporosa, difuminada, elástica, esparramada, que como sabedes é xapo-galaica ou galaico-nipona pois bebeu nas fontes da filosofía galaica máis pristina, naquilo de "subir e baixar" ou aínda mellor, de "*Deus é bo mais o demo non é malo*" ou, incluso, o de "*gañamos, mais non sabemos quen*" que Morishima, Yamaha, Suzuki, Kawasaki, Karoshi e compañía, se encargan de fusilar duns matemáticos americanos e de traducir economicamente para aplicala ó mundo da política, a bolsa, a tecnoloxía, os ascensores..., a moitos mundos de Deus e da Virxe Santísima e Purísima.

Por certo, e agora que se están a discutir na nosa Facultade e na Universidade os novos programas de estudos, convén sinalar que se utilizámo-los criterios internacionais da selección das elites políticas, económicas, empresariais, culturais e sociais, no caso de Económicas e Empresariais de Santiago, que ten un dos

maiores índices, porcentaxes deste tipo de dirixentes procedentes deste centro, cómpresinalar que se formaron na época universitaria na que máis clases se perderon por folgas, conflitos, etc. Por iso, se cadra, este centro tería un "Guinness ó maior número de dirixentes e de clases perdidas" xunto, miren vostedes o que son as cousas, con Económicas de Barcelona, na que un dos seus representantes de PNNs máis combativo e radical era, na devandita época, Narcís Serra (que tamén naquela época, cando as reunións clandestinas da Coordinadora dos PNNs en Madrid, el aloxábase ¡no Hotel Palace!). Noutras palabras, que, ó meu modo de ver, a verdadeira formación universitaria pasa por algo máis, por moito máis, que as clases (a distinción famosa entre a educación formal e informal), como todos conviredes comigo. Dígovos isto nun momento no que se están a poñer en marcha por tódalas esquinas Universidades Binguetas ou Chiringuitos Universitarios.

## 5. A FAUNA E A FLORA DA PRIMEIRA PROMOCIÓN

Quero referirme, por último, ós dous grandes decanos daquela promoción, dous excelentes amigos. En primeiro lugar a Carlos Otero, que hai uns días no seu merecido homenaxe en Dereito souben que tamén se chamaba Gilberto. Carlos Gilberto Otero —como maxistral intérprete da mellor dialéctica galega, a dialéctica que mamou na Galicia profunda de Chantada e que el arrequentou—, como decano e profesor, foi aberto, tolerante, sociable, e soíbo, naquela época, deixar facer, deixar correr polas bandas, polos extremos con moita man meigo-galaica. E qué queredes que vos diga de Luis Suárez-Llanos, ese mago, ese grande amigo, ese liberal-libertario nun país no que non había e segue sen haber moitos liberais-libertarios, aínda que agora tamén todos son liberais-libertarios (e tamén, segundo se tercie, ata socialistas e leninistas de mercado, socialistas liberais e neo-liberais ou humanistas progresistas, nacionalistas choromiqueiros, ollo non do nacional choromiqueirismo, non vos confundir, e nacionalistas sobrevidos da autoidentificación que risca coa autodeterminación e co que faga

falta, faltaría plus, etc.). Qué queredes que vos diga, vádesme permitir e desculpar que vos diga que, por primeira e última vez, a Coordinadora Nudista Ecolóxico Radical que despois daría lugar a CABRA (Coordinadora Antipolución Burocrática Revulsiva Aleatoria e Alegre (o de aleatorio, é polo que nos fixeron sufrir en Estatística e sobre todo en Econometría, co fundamentalismo estocástico e incluso co fundamentalismo micro dos sistemas macro, coas análises espectrais, ¡Ave Maria Purísima!); como vos dicía, a Coordinadora Nudista enviou unha delegación oficial ó máis alto nivel a súa toma de posesión como Director Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, que deixou por sensatez e racionalidade política e universitaria. Isto deu lugar a que tamén, por primeira e última vez, a Coordinadora Nudista lle fixese unha cea de homenaxe e de desagravio na que se lle fixo entrega do distintivo correspondente, algo así como a Orde da Xarreteira da Coordinadora Nudista, e nomeuselle membro honorario da mesma. Luis Suárez-Llanos loitou contra o enclaustramento da Facultade e da Universidade, é dicir evitar que a universidade, a forza de permanecer nos claustros, quedase enclaustrada. O cal é moi importante e no que hai que insistir moito, en vincular activamente a Universidade coa realidade social. Luis Suárez-Llanos apoiou e potenciou todo tipo de iniciativas sempre co seu excelente carácter e a súa sapiencia. Con el fundouse a Escola San Roqueña, da rúa de San Roque, onde profesaba, exercía o gran mestre Alfonso Carbajo (actualmente N° 3 do Ministerio de Asuntos Exteriores, Secretario Xeral de Cooperación Internacional co seu amigo o polifacético e seguidor do Real Madrid, Chenchó Arias) e compañía; Juan Muñoz "El Sherpa" (actualmente parlamentario do PSOE por Segovia e N° 2 na mesa do parlamento español); tamén Art Tredway "El Americano"; Ramonciño; Barbara Charlini, sensacional e barba-rísima italiana, e —por onde— pasaron o pintor Úrculo, San Martín, Quintás (Director Xeral Adxunto de Caixa Galicia), O Curri (Santiago Roldán), Carlos Moya, tantos e tantas. Luis loitou por facer da Universidade e da Facultade un espacio aberto ó mundo e á realidade cotiá, intentou crear un Instituto de Estudos Económicos que foi boicoteado naquela época polas



autoridades competentes. En fin tratou de facer da Universidade un espazo vivo, creativo e innovador. Con Luis estaba de secretaria Conchita, Conchita San Severiano e Serxio no negociado.

Agora para rematar, a modo de agradecemento, vou citar, lembrar a tódolos profesores e persoal daquela promoción. Pido desculpas se me falta algún. Citareinos polas asignaturas que impartiron ou alomenos eu lembrome así, por orde alfabética: Contabilidade: Seraffín Vázquez alias "Pachiolo" (ó que atopei no curso 75-76 nunha dura manifestación estudiantil en París, no Boulevard Raspail, non sei se estaba de incógnito, quen nolo diría Pachiolo de alborotador, despois do que nos "alborotou" coas historias das contas de "mete e saca") e Emilio López Castro; Dereito Civil: García Garrido —en plan ogro— os notarios Sánchez Mera —que lle dicíamos *hable más alto* e nos dictaba os apuntamentos máis baixo—, Pérez Gil e outro alto do que non me lembro do nome que veu algún día (dime o decano que era Santiago Nogueira) e tamén nos deu clase un moi gordo; Dereito Mercantil: Suárez-Llanos e o elegante e discreto de Río Barro (que foi como "independente" Subdirector Xeral na Consellería de Educación da Xunta ocupada por CG, actualmente concelleiro "independente" do PSOE no Concello de Santiago); Dereito Administrativo: o dúo dinámico de Casado e Míguez; Dereito Laboral: o futbolista do Betis, o "progre" de Cabrera (despois, como outros moitos, destacaríase por outro tipo de xogadas...); Empresa: Doldán —moi competente e esixente, con aqueles grafos e "PER" endemoñados, López Castro, Candela (que foi concelleiro do PCG en Santiago e despois Director Xeral de Turismo do Goberno Central, e actualmente director dun banco público en Santiago) e non sei se Ana Lozano —tan compostiña—; Estatística, Econometría, Matemáticas Financeiras: María do Carme Río, María do Carme Guisán (que foi asesora do Presidente da Xunta, Fraga, e actualmente é concelleira do PP en Santiago), Vázquez Mariño (que deu lugar a unha das primeiras folgas de exames), Goyanes e Pena Trapero (que nos metía aqueles lingotazos de Econometría —por certo moi ben explicada—, ás tres e media da tarde e ata as cinco! naquela aula

subterránea de Fonseca na que nos baldaba a ecuacións e con aquilo de "*Método da varianza residual mínima xeneralizada con información completa*"); Estructura: Xosé Manuel Beiras "O Principiño", un grande intelectual galego aínda que discrepásemos e discrepemos das súas hipóteses, e que naquela época era moderado (actualmente é líder e portavoz do Bloque-BNG), Alfredito Iglesias, o querido "Tricli", e o bo amigo Juan Muñoz o de "*El poder de la Banca en España*" (gran afeccionado ós touros e que facía aqueles organigramas sobre as conexións do poder, das Grandes Familias, e que agora fan outros sobre as novas e vellas conexións e vellas, novas e novísimas Grandes Familias) e Arturo López Muñoz (xunto a Santiago Roldán, García Delgado, Serrano, etc.) de "Ruedo Ibérico", "Triunfo", etc., co seu chorro de voz, as súas notas, as súas toses e especiais fumatas; Fundamentos de Filosofía con Puy Muñoz (actual presidente da Fundación Brañas, vinculada ó PP), Carolina e o ruso Vladimir Landorf, que nos examinaban oralmente daquelas cousas tan tremendas da existencia de Deus que eran as verdadeiras clases de relixión porque ás outras relixións do programa non famos, non había; Facenda Pública, Dereito Financeiro: Carlos Otero —co Barre na sombra e vaía picos que nos metía coas curvas que nos esfarelaban— Paredes, Rodríguez Bereijo (que agora é membro do Tribunal Constitucional polo PSOE); Historia Económica: Eiras Roel —serio e rigoroso—, Castillo (que xa faleceu, vaía o noso emocionado recordo para él) e o amigo X.A. Taboada, o "cura" (naquela época había tamén moitos curas que despois o deixaron, se deixáronse tantas cousas...); Historia das Doutrinas: o valenciano Almenar; Matemáticas: Valle, explicaba moi ben os apuntamentos pero era o terror non dos mares senón dos países, dos aprobados; Faci (que tamén faleceu, o noso recordo emocionado para el) e José Carlos de Miguel, que aquí o temos de decano e como vedes non pasa un ano por el; Organización Económica Internacional: non me lembro do nome daquel Dandi galaico-inglés que tan ben colocaba o pano no peto da chaqueta a xogo coa gravata, —Conchita díxome o seu nome, Miguel Díaz—; Política Económica: Cuadrado Roura moi místico na época pero moi traballador,

facíanos traballar moito, e que agora está noutro tipo de "mística"... e Olariaga; Socioloxía, Teoría do Estado: González Casanova, moi brillante, Ignacio de Oto Pardo —co que estiven no Colexio Maior Generalísimo Franco—, amigo meu e especialmente cando de tempo en tempo collía unhas "pitimas" espantosas; moi erudito e competente —que foi letrado do Tribunal Constitucional, membro do Consello do Poder Xudicial polo PSOE e que faleceu, o noso emocionado recordo tamén para el—, Caamaño —co seu rigor máis ben mortis—, e o noso reintegracionista compañeiro e amigo, Xavier Vilhar Trilho; e Teoría Económica: Carlos Otero, Ignacio Domínguez, Iglesias, Quintás (Xoán tivo que ver como os acérrimos detractores de onte poden volveirse grandes admiradores de hoxe, e mañá, ¿chi lo sa?), Aguirre —que non había Deus que o aguantara, con perdón—, Carbajo, alias Chicago (un grande amigo, un mestre da educación formal e informal, un xenio un pouco neura, que cando a bolsa fa ben viña elegantísimo e comíamos cigalas no Estradense —a primeira vez que as vín e as comín na miña vida—), Casa Ramallo..., nós iamos ás dunas de Corrubedo (o comezo do nudismo en Galicia), etc., e cando viña mal se poñía o xerseí con 'furaos' —en galego de Veiga: "*o meo pue- blo*"—, e comíamos froitos secos; Art Tredway (de Norwester-Chicago, bo amigo, bo economista, bo fumeque, que dicía moitas veces merda en americano); Arruza, alias Perú; De la Osa (que usou moito) e un que se me parecía a Cuasimodo, con perdón, non recordo o nome.

Os bedeis e subalternos: Permuy á fotocopiadora, Cabrera, Pedro, Ramón, Magdaleno, a señora María, Vázquez, Paco (recén xubilado) que viña do Burgo como "La Viuda", do Burgo, que na súa residencia universitaria estivo o rector, Ramón Villares, o Burgo onde Paco e "La Viuda" (que tamén estivo na nosa Facultade) nos facía a vida imposible por levar rapazas ós cuartos, pois un cura —Luis Quinteiro— que era o director e que hoxe é un teólogo —non sei se da teoloxía da liberación— tñño prohibidísimo (o Burgo sería unha residencia autoxestionaria das más avanzadas do mundo gracias ó combate estudiantil contra os vellos regres e os falsos progres). E outro do que sí que me lembro, moi delgado, trátabase dun bedel-

voiante que "itineraba" diariamente por tódolos centros universitarios de Santiago para recolle- los panfletos e dar novidades do que se movía, das movidas políticas da época. E no bar o bo amigo de Casal, Manolo Casal, un dos primeiros levadores de bares universitarios que iniciou en Farmacia onde puxo unha máquina de discos con boleiriños para o corpiño serrano ("*Triste papel*" de Sito con "Los Satélites" e, sobre todo, do *grandísimo* Pucho Boedo cantando "*Sahará*", "*perdona*"), que nos trataba ben e co seu can decano Matías que cos seus ladridos poñía a nota aceda nas clases, esta nota tan peculiar na época por aquilo do colonialismo interior e exterior, de "as camadas populares, os labregos, campesiños e mariñeiros", "o foquismo", Fa- non, Lenin, Mao e compañía.

Pido desculpas se me esquecín dalguén, non foi a miña intención. Os decanos, ademais dos da nosa promoción —Carlos Otero e Luis Suárez-Llanos— xa citados, creo que están aquí tódolos que foron decanos desde o inicio ata hoxe, a saber: Jorge Castillo Castillo; Pena Trapero; Lombardero (actualmente ocupa un alto cargo en Bruselas, na CEE), Vilas Nogueira, Beiras, Luis Caramés —compañeiro noso de promoción e bo amigo—, e José Carlos de Miguel —que o é actualmente—.

## 6. DESPEDIDA LÍRICO - FILOSÓFICO ECONÓMICA

Rematemos en verso con referencia, por unha banda a este aniversario festivo e para que se repita, coas verbas dese gran sobranceiro Pucho Boedo que cantaba: "*San Amaro de Barouta, veño dunha romería e mañá vou para outra*". E por outra banda, coas verbas que cantaba o Doutor Gloriosis Causa da Universidade Popular, do Viño e das Rosas moi Vermellas (cando o movemento estudiantil de "*Los pisitos buenos, bonitos y baratitos, das jaliñas que buliciosamente irrumpiron no Paraninfo alborotando o galiñeiro, do porco Juan Jacobo Paradox e o asno Zenon de Kotapos*", investidos Gloriosis Causa en acto solemnísimos, de "tenue" de gran gala, celebrado na aula 8 da Facultade de Medicina de Santiago coa intervención, entre outras moitísimas, formais e infor-



mais, endóxeas e esóxeas, do coro tifoneiro da Anti-Universidade dirixido pola Súa Serenísima, O Príncipe Galán, O Jrandísimo Breton (morreu e lembrámolo emocionadamente) que dándolle a porta coa vasoira rendíalle unha homenaxe á Cidade Vella de Santiago de Compostela que todos nós levamos no corazón como patrimonio existencial inesquecible, versionando a Lorca "*Chove en Santiago, meu doce amor, camelia branca no ar, brila entebrecida ó sol*". En fin, moitas gracias a tódolos presentes e ós ausentes. Quedan moitas cousas no tinteiro; poderíamos comentar moitísimas cousas máis. Só me resta engadir que, como din autores coma o economista S.K. Koln do Centro de Ensinanzas, Investigación e Análises Socio-Económicas (CERAT) e director de estudos na Escola de Altos Estudos en Ciencias Sociais de París: "*A economía busca construí-la felicidade e os economistas ó utilizar conceptos como utilidades, prezo, déficit, inflación*" (Ave María purísima, toquemos madeira, despois do índice

de onte que deixa tan ben, unha vez máis, a ese previsor de Solchaga) *están a falar de desexos*". E o máis importante, ó meu modo de ver: "*Ningunha grandeza deste mundo vale a amizade duns bos amigos, duns bos compañeiros*". De hoxe en 25 anos, tendo moitísimo coidado co tigre, cos tigres e tigresas que queren que nos esquezamos do pasado, que nos aburramos, resignémonos no presente e que comulguemos coas rodas de mufño do triste futuro que nos venden, que se cadra —como di San Agustín, San Agustín García Calvo—, é o futuro do Estado, do Capital, da Mentira, da Morte. En calquera caso, e para rematar positivamente, creo que debemos tratar de facer unha economía para vivir mellor individual e socialmente, que faga posible, que potencie unha arte de vivi-la vida crítica, apaixonada, solidaria e arriscadamente en liberdade.

Unha forte aperta de todo corazón a todos.

Fdo.: Miguel Cancio / Santiago de Compostela, a 13 de marzo de 1992.